

Entrada libre até completar aforo



DE C! IC
Compostela Decide
Orzamentos participativos 2018



Autorretrato dun insumiso preso nos cárceres de Felipe González



A woman with short dark hair, wearing a white hospital gown with a small blue geometric pattern, stands in a dark room. She has a serious expression. To her right is a black, high-backed chair with chrome armrests. A small green succulent in a white pot sits on the chair's seat. The background is dark and indistinct.

A man with a beard and short hair, wearing a light-colored button-down shirt and dark jeans, is seated on a stage. He has his hands clasped in his lap and is looking upwards with a contemplative expression. The background is a large screen displaying a green, textured image that resembles a forest or a close-up of foliage. The lighting is focused on the man, creating a soft glow around him.

A photograph of two men sitting side-by-side on a stage. The man on the left is wearing a white flight suit and a white helmet with goggles. The man on the right is wearing a brown flight suit and a brown helmet with goggles. They are both looking towards the camera. The background is dark, and there is a small table with a bottle on the left side of the frame.

Circo
Danza
Literatura
Música
Teatro

César Martínez 'Goldi'

Berberecheira

Goldi libre é un traballo de teatro documento sobre o movemento de insubmisión dos anos 80 e 90 do século XX en España, sobre as persoas que formaron parte del e sobre as relacións establecidas co aparato do Estado, coa sociedade no seu conxunto e entre os propios suxeitos protagonistas do movemento. Trátase dun traballo feito a partir da memoria, a experiencia persoal e o testemuño de César Goldi, veciño de Teo e actor que en 1993 foi xulgado e condenado a 2 anos, 4 meses e 1 día de prisión por negarse a realizar tanto o servizo militar como a prestación social substitutoria. Trátase polo tanto de conectar a memoria individual coa memoria colectiva dunha xeración que puxo en práctica con éxito a desobediencia civil e co imaxinario dunha época a través dun dispositivo especificamente teatral.

Iria Pinheiro

Berberecheira

Cando en maio de 2016 Iria Pinheiro entrou no hospital para dar a luz con rotura de bolsa amniótica non sabía que nas seguintes horas mudaría a súa vida para sempre. Varios días despois saíu mutilada daquel edificio, coa sensación de ter sido estafada e sen o seu fillo. Foi abandonada polo sistema e tivo que xestionar a súa dor e recuperación en soidade. Pero axiña descubriu que non era a única muller mutilada no momento de parir. Investiga nas redes e atopa testemuños por todo o mundo. Entón é cando se convence da necesidade de abrir un camiño para outras mulleres, contando a súa historia no espazo público, cos medios que ten ao seu alcance: os que lle proporciona o seu traballo en escena.

Borja Fernández e Laura Iturralde (audiovisuais)

Berberecheira

Eu non coñecín o meu avó. Morreu hai 11 anos. Emigrou ao Brasil. Como o seu pai fixera 20 anos antes. E desapareceu. En cada foto, parece unha persoa diferente. Reinvéntase, mente, oculta información. Reconstruíu a súa vida. Moitos emigrantes transfórman-se. Como o "spam" desta historia. Como se o meu avó soubese que alguén no futuro, alguén iría á súa procura, e a súa maneira de agocharse era xogar coa súa identidade e coa súa historia, como xogando ao descuido.

Helen Bertels e Mónica de Nut

A vida éche coma un xogo. Avanzas resolvendo adiviñas. Ás veces as adiviñas poden chegar a obsesionar. Atormentan. Non te deixan durmir. Son mimosas, requiren a túa atención completa (ungeteilt), poden consumirte se non lles fas caso. Pódense converter en pantasma grandes e escuras, sombras ou paxaros negros que nacen da noite e cun canto que é como un berro cheo de sufrimento e desexo (Sehnsucht). O círculo vaise pechando, as adiviñas vanse acertando, as dores vanse calmando, os orfos atopan fogares, o vello mestúrase co novo, anúnciase unha calma de centos de azuis diferentes. Os tormentos permítennos sentir...

Coral Solfa

A Asociación Cultural e Musical Solfa interpretará un repertorio de música vocal da tradición galega e lusófona á volta do nadal. O concerto repasará pezas populares de países como Brasil e Portugal e interpretará composicións galegas de diversos autores e poetas contemporáneos. Solfa centra a súa actividade, dende a súa creación en 1997, na música galega tanto culta como popular. Este concerto especial de nadal está dirixido por Francisco Tobar Cereijo.



06. A MÚSICA DAS ÁRBORES

Museo de Historia Natural21 de decembro / 18.00 h
Anxo Moure e Servando Barreiro

Espectáculo familiar para público de todas as idades. Graciano zoqueiro, trasniño e gaiteiro, descubriu que as árbores facían música, cando o vento move as pólas, cando a chuvia cae nas follas..., mais por causa dos incendios a música dos freixos, das aciñeiras, bidueiros, buxos e sobreiras desaparece. Co cabaliño Caramulo un grupo de xinetes das árbores tentarán salvar o canto das ameixeiras, dos teixos, das ameixeiras...

07. DESCONCERTO



Casa de Europa21 de decembro / 20.00 h
Eva Veiga (voz), Bernardo Martínez (percusión e xoguetes musicais) e Fito Ares (frauta e saxo soprano)

Recital multidisciplinar do Grupo Ouriol con poemas de Eva Veiga. A poesía como abraio fronte á realidade pero tamén como modo de “desconcertar” o establecido. O Grupo Ouriol –formado polos músicos Bernardo Martínez –percusión e xoguetes musicais– e Fito Ares –frauta e saxo soprano–, xunto á poeta e comunicadora Eva Veiga– levan máis de 15 anos realizando espectáculos en que a música –improvisación libre– e a recitación –a voz da propia autora neste caso– inter-actúan asemade coas imaxes proxectadas e realizadas polo artista Alfonso Costa á fin de acadar unha experiencia estética o máis integral posible. A súa duración é duns 45’.

08. ORQUESTRA DE MALABARES



Auditorio de Galicia22 de decembro / 19.00 h
Banda Municipal de Música de Santiago de Compostela, Arturo Cobas, Dulce Duca, Dani Fausto, Aitor Garuz, Guillermo Porta, Santiago Montero e Jesús Velasco “Xampi”

Orchestra de malabares é un espectáculo que pon en escena seis malabaristas e unha banda municipal. Unha relación entre música e circo, un concerto onde os malabares son os bailaríns deste ballet aéreo. Clarinetes, saxos e trompetas son os pintores dun cadro expresionista en que as bólas, mazas e aros debuxan no aire os sentimentos e emocións que transmite a música e o circo. A banda municipal e os seus músicos, fóra da súa zona de confort, participan, case como actores, dun espectáculo teatral tocando temas e estilos fóra do común. En definitiva, este é un espectáculo de instrumentos dourados, grandes tambores, pratos, camisas brancas, uniformes e obras clásicas maxistras pero tamén de pantalóns curtos, camisetas, gafas de sol, funk, blues, pop e punk.

09. BLUES CASTELLANO



Casa de Europa22 de decembro / 20.00 h
Cova Villegas (voz, kalimba e cracklebox), Marcos Cachaldora (guitarras, voz e armónica) e Gonzalo Ordás (guitarras e voz)


A partir dunha das obras emblemáticas do Premio Cervantes, Antonio Gamoneda, a cantante Cova Villegas e os músicos do dúo Delta Galgos (Gonzalo Ordás e Marcos Cachaldora), debullan o máxico vencello entre o blues e a poesía. Trátase dun espectáculo que propón reverter a fonte de inspiración do poeta ao seu ámbito orixinario. A xenialidade coa que Gamoneda empregou o blues para crear unha canción lenta e triste, un pranto pola negra España tardofranquista, mestura de crónica e protesta, entronca coa poética do propio blues: inspirouse na rítmica e no espírito tráxico desta música sureña, interpretada orixinariamente por escravos afroamericanos, para plasmar a realidade que os rodeaba.

10. AS RAÍCES NA PEDRA



Teatro Principal23 de decembro / 19:00 h
OCT Ulteira e Agrupación Cantigas e Agarimos

Os cantos de Reis forman parte dos “cantos de nadal”, unha tradición moi extendida na totalidade do territorio galego que consiste en xuntarse en grupo para ir interpretando polas casas dos lugares unha serie de cantos alusivos a esta época do ano. Os ranchos de reis que se celebran en boa parte de Galicia exhiben pasos clásicos aderezados con elementos como: arcos, castañetas, entrenzado, paos, etc., realizados normalmente durante as procesións patronais. Con certa frecuencia posúen características chamativas como a indumentaria branca, adornos florais, exóticos e abundancia de ouro.



PROGRAMA

DATA	LUGAR	HORA	ESPECTÁCULO	DISCIPLINA
Luns 17	TEATRO PRINCIPAL	20.00 h	Goldi libre	Teatro
Martes 18	TEATRO PRINCIPAL	20:00 h	Anatomía dunha serea	Teatro
Mércores 19	TEATRO PRINCIPAL	20:00 h	Salvador	Teatro
Xoves 20	SGAE	20:00 h	Accións nimias	Teatro
Xoves 20	ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSAICAIS	20:30 h	Concerto Solfa	Música
Venres 21	MUSEO DE HISTORIA NATURAL	18:00 h	A música das árbores	Contacontos/música
Venres 21	CASA DE EUROPA	20:00 h	Desconcerto	Literatura/música
Sábado 22	AUDITORIO	19:00 h	Orchestra de malabares	Circo/música
Sábado 22	CASA DE EUROPA	20:00 h	Blues castellano	Literatura/música
Domingo 23	TEATRO PRINCIPAL	19:00 h	As raíces na pedra	Danza/música